

Na beira do mar
hai moito que ver,
baila, miña Maruxa si,
baila na punta dun pé.
Baila na punta dun pé
baila na punta dun pé
baila, miña Maruxa si,
baila se queres bailar.

“Ai, Maruxiña, por Dios, dame un bico,
tanto che quero xa non cho explico”.

“Saca de aí, home, sei que toleas”.

“Eu non me marchou hasta que mo deas”.

“Ai, Maruxiña, non vaias a i-herba
que vén o vento, lévacha toda,
lévacha toda, toda cha leva,
ai, Maruxiña, non seas tola”.

IV 527b

Aldeña de Roade,
heite de fundir a tiros,
un amor me queda nela
e outro me leva suspiros.

IV 200c

Aldeña de Roade
gran aldea pode ser,
ten un loureiro no medio
que afumea sin arder.

Eu quería-me casar
miña nai dime que é cedo
ela como está casada
non sabe as ghanas que eu teño.

*Para vir a junto a min
para vir a junto a min,
vai lavar a cara,
vai lavar a cara,
ghalopín.*

Miña nai por me casar-e
fixo unha casa na ría,
para velos mariñeiros
como pescan na sardiñas.

Para vir a junto a min...



Miña nai por me casar-e
prometeume unha ghalíña
agora que xa me casei
díxome que non a tiña.

[O cantar dos arrieiros]
é un cantar baixiño
cántano en Ribadavia
resona no Carballiño.

O cantar dos arrieiros
é un cantar baixiño
cántano en Ribadavia
resona no Carballiño.

V 146b

Teño unha herba na horta
que lle chaman balburiña
para contestar conmigho
te-la cara de morriña.

V 144b

Teño unha herba na horta
que lle chaman herba loura
para contestar conmigho
vaite lavar cara moura.

V 146b

Teño unha herba na horta
que lle chaman balburiña
para contestar conmigho
telo color da morriña.

V 258

Anque tu padre me dera
cada día súa onza,
eu a ti non te quería
cara de pouca vergonza.

VI 918

Anque tu padre me dera
cada día súas zocas,
eu a ti non te quería
porque telas pernas tortas.

VI 1483

Cuando pasa por tu puerta
llevo las medias caídas
pa que non me dighan teus padres
que te engaño coas lighas.

I 199e

Unha noite no muíño
unha noite non é nada
unha semaniña enteira



esa si que é muiñada,
unha semaniña enteira
esa si que é muiñada.

Fun unha noite o muíño
cun fato de nenas novas
elas todas en camisas
e eu no medio en cirolas.

Fun unha noite ó muíño
por vela fariña branca,
o ladrón do panadeiro
me arroubo catro pesetas.

Xa fun a Marín
as pernas che vin,
aquele gato negro
virábase a min,
virábase a min.
Xa fun a Marín
as pernas che vin.

I 345a

O cantar dos arrieiros
é un cantar baixiño
cántano en Ribadavia
resona no Carballiño,
cántano en Ribadavia
resona no Carballiño.

VI 194

Fun unha noite ó muíño
por vela fariña branca,
o que gastei de zapatos
tamén o aforrei en mantas.

V 183a

Vai calando, vai calando,
cara de cañoto seco,
vai calando, vai calando,
que eu contigo non me meto.

V 279

Aquel que vai dacabalo
tamén me debe un real,
tirareille coa capa
que o sombreiro non o val.

V 144b

Teño unha silva na horta
que lle chaman silva moura
para contestar connigo
vaite lavar cara moura,
para contestar connigo
vaite lavar cara moura



Unha vella dixo a outra
pola poxigo dunha porta
tu goberna a túa vida
que a miña nada che importa.

VI 1751

Eu caseime aló enriba
na terra dos maragatos,
tocoume unha muller vella
todo roída dos ratos.

Eu caseime aló enriba
cunha vella moi ben vella

...

V 58

Vintecinco servilletas,
dez raiás en cada punta,
meniña, que sabes tanto,
respóndeme esta perghunta.

Nin cho respondo aghora
nin cha quero responder-e
que home de pouca vergonza
non os quería atender-e.

VI 24

Rivi rivi rivirola
si non queres calar chora.